



AVALIACIÓN FINAL DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Estimadas familias:

O CPI Plurilingüe Santa Lucía foi seleccionado para formar parte da mostra de centros participantes na **Avaliación final de educación secundaria obrigatoria** da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso escolar 2018/19.

Esta avaliación aplicarase os vindeiros **28 e 29 de maio** ao alumnado matriculado actualmente en cuarto curso de educación secundaria obrigatoria no noso centro.

Estas probas valorarán o grao de adquisición da competencia matemática, da competencia lingüística e da competencia social e cívica, tendo como referencia principal as materias xerais do bloque de materias troncais cursadas en cuarto curso de educación secundaria obrigatoria.

Características xerais das probas

As probas estarán constituídas por cadernos de alumnado para cada unha das competencias obxecto de avaliación e cuestionarios de contexto dirixidos ás persoas titoras, á dirección do centro, ao alumnado e ás súas familias. Estes cuestionarios permitirán obter información sobre as condicións socioeconómicas e culturais dos centros para a contextualización dos resultados obtidos.

Aplicación das probas ao alumnado:

Día	Competencia
28 de Maio	<ul style="list-style-type: none"> • Comunicación lingüística. Lingua castelá e literatura • Matemática • Social e cívica
29 de Maio	<ul style="list-style-type: none"> • Comunicación lingüística. Lingua galega e literatura • Comunicación lingüística. Inglés

Informes

A través da administración educativa elaborárase un informe no que se reflectirán os resultados obtidos (incluíndo un informe de centro), expresándoos en seis niveis de desenvolvemento competencial, que se nomearán do nivel 1 ao 6. Os resultados poñeranse en coñecemento da comunidade educativa considerando os factores socioeconómicos e socioculturais do contexto.

Podedes consultar toda a información na Resolución do 16 de abril de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación final de educación secundaria obrigatoria nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso escolar 2018/19.

Grazas pola vosa colaboración.

A dirección.